

LIFE MARGAL ULLA

PROXECTO PARA CONSERVAR A FAUNA AMEAZADA DOS NÓSOS RÍOS



Xesús Santamarina, Paz Ondina e Belén Quinteiro*

Galiza conta cunha extensa rede hidrográfica que atesoura unha valiosa riqueza natural non moi ben coñecida por gran parte dos galegos e galegas. Exemplo disto son dous dos seus habitantes máis ameazados sobre os que temos unha grande responsabilidade no que atinxe á súa conservación: a toupa de río (*Galemys pyrenaicus*) e a náide (*Margaritifera margaritifera*). Ambas especies posúen un percorrido evolutivo moi diferenciado, pero unha problemática de conservación común. Así, a toupa de río é un endemismo ibérico cunha orixe ligada ao refuxio plistocénico que representou o NW peninsular, onde as glaciacións, menos rigorosas que na maior parte de Europa, permitiron conservar cursos fluviais permanentes ao longo do ano. Pola contra, a náide de río distribuíase ampla e abundantemente nos ríos da vertente atlántica europea e americana, tratándose dunha especie asociada ás poboacións de salmónidos, aos que utiliza para completar o seu ciclo vital.

Na actualidade ambas as dúas especies están a sufrir unha acentuada regresión en toda a súa área de distribución paralelamente á degradación ambiental das bacías hidrográficas e ao cambio climático, constituindo Galiza un dos seus últimos refuxios grazas a ter conservado até mediados do século pasado unha rede fluvial con condicións aceptábeis. Porén, nas últimas décadas asistimos a unha fonda transformación do noso territorio que multiplicou os impactos sobre esta rede fluvial. Entre os mesmos hai que destacar a perda e fragmentación do hábitat por encoros e aproveitamentos hidroeléctricos, os entupidos dos leitos fluviais con lodos e materiais finos, cando non as lixiviacións tóxicas, causadas por pistas e vías de comunicación, incendios forestais, obras públicas e a actividade mineira, a contaminación difusa das augas pola intensificación da produción agrogandeira, ou os vertidos de augas residuais, cada vez máis cargados de contaminantes.

A situación de declive destas especies levou á súa inclusión no Catálogo galego de especies ameazadas e á elaboración das propostas técnicas dos seus plans de recuperación ou conservación, que alertaron que, de non establecerse medidas de recuperación efectivas, ambas as dúas especies desaparecerían dos nosos ríos nun período de tempo non moi longo.

Malia todo, á vista dos factores causais referidos anteriormente, poñer freo a este proceso de declive ten evidentes dificultades. A dificultade para aplicar as medidas de conservación en todo o territorio, xunto coa necesidade de afondar no coñecemento relativo ás especies, empurrounos a seleccionar unha bacía como zona piloto onde intensificar o estudo, efectuar medidas de conservación ambiciosas e aprender dos resultados para aplicar no futuro noutras bacías de Galiza.

Neste contexto foi seleccionada a bacía do río Ulla, por conservar poboacións coñecidas de *M. margaritifera* e *G. pyrenaicus*, e representar un bo exemplo de bacía sometida a distintas presións sobre as que incidir, de xeito que os resultados se puideran extrapolar a outras. Evidentemente esta tarefa non era abordable de xeito unilateral polo departamento competente en Conservación da Natureza, polo que se implicou no proxecto aos departamentos da Xunta responsábeis na xestión hidrolóxica (Augas de Galicia), na produción e formación agrogandeira (Medio Rural), e á Universidade de Santiago, con expertos na especie, en xenética e en análise da calidade das augas.

O PROXECTO LIFE MARGAL ULLA

O proxecto MARGAL ULLA (LIFE09NAT/ES/000514), que conta coa cofinanciación do 49,68 % dos Fondos Life+ Natureza e Biodiversidade, trata de contribuír á mellora do estado de conservación de *Margaritifera margaritifera* e *Galemys pyrenaicus* en Galiza, comezando por garantir a conservación das poboacións existentes na bacía do Ulla. Con este fin foi deseñado un programa de actuación de 5 anos de duración, con medidas destinadas a mitigar as distintas presións ás que están sometidas estas especies e favorecer a recuperación das súas poboacións.

En particular, os obxectivos específicos do proxecto céntranse en incrementar o coñecemento sobre o estado de conservación das poboacións e os factores de ameaza de ambas especies, sentando as bases para o seu seguimento e o da calidade do seu hábitat. *A posteriori*, haberá que recuperar as poboacións de *M. margaritifera* a través dun programa piloto de reprodución para o reforzo ou reintrodución da especie en treitos da bacía. Esta tarefa desenvólvese tras realizar estudos xenéticos co obxecto de definir unidades de xestión da especie e seleccionar un *stock* inicial de reprodutores. Esta actuación ten necesariamente que correr de xeito paralelo á mellora das condicións do hábitat.

Outro dos obxectivos será fomentar a dinámica natural das poboacións de peixes hospedadores de *Margaritifera margaritifera* e favorecer a conectividade dos núcleos de poboación de *Galemys pyrenaicus*, a través de medidas para recuperar a hidromorfoloxía dal-

ENTIDADES QUE PARTICIPAN NO PROXECTO

- CONSELLARÍA DE MEDIO RURAL: D.X. DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA; D.X. DE INNOVACIÓN E INDUSTRIAS AGRARIAS E FORESTAIAS E D.X. DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA.
- CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE E AUGAS DE GALICIA.
- USC: DEPARTAMENTOS DE ZOOLOXÍA, XENÉTICA E QUÍMICA E FÍSICA.

gunhas seccións afectadas por encoros. Ao mesmo tempo, debemos procurar a mellora do estado de conservación do sistema fluvial obxecto do proxecto,

NÁIADE OU MEXILLÓN DE RÍO

Molusco bivalvo semellante na forma a un mexillón ou a unha ameixa de mar. Atópase en ríos de augas limpas, frías e oxixenadas. Agóchase semisoterrada e apilada ao longo do leito fluvial, confundíndose coas pedras. Na fase adulta, normalmente, permanecen inmóbiles, alimentándose por filtración de plancto xunto con partículas finas de materia orgánica. As larvas, denominadas gloquídios, son incubadas no interior das branquias maternas e unha vez liberadas á auga teñen necesariamente que fixarse nas galas dun salmónido (troita, salmón ou reo) onde pasan un tempo antes de caer no leito do río, xa convertidas en pequenas ameixas. Deste xeito, o peixe, ao que non lle producen ningún dano, sèrvelles de vehículo transportador ao longo do río.



TOUPA DE RÍO

Pequeno mamífero semiacuático inconfundíbel pola súa cabeza prolongada nunha pequena trompa móbil esmagada dorsoventralmente. As numerosas vibrísas do fuciño favorecen o seu sentido táctil, pero carece de pavillóns auditivos e os ollos son moi pequenos. É un excelente mergullador grazas ás grandes e palmeadas patas posteriores e a longa cola. Trátase dun endemismo do norte da Península Ibérica que habita en ríos e regos de augas permanentes, ocupando treitos de correntes rápidas ben oxixenados. Aliméntase de invertebrados que captura no leito do río, sendo moi sensíbel aos factores que afectan, incluso estacionalmente, á dispoñibilidade do seu alimento, como a irregularidade dos caudais, a oxixenación das augas ou a contaminación.



comunitario; así como, do bosque de ribeira na bacía do río Ulla, fomentando o seu papel de banda tampón da contaminación difusa. Neste senso, fomentaremos as boas prácticas en actividades que afectan a calidade dos ríos, en especial na actividade agrogandeira e na xestión da bacía. As prácticas agrarias actuais son responsábeis de boa parte da contaminación difusa (xurros, arrastres de partículas, fitosanitarios, etc.).

E, por último, baseándose na información recadada no proxecto, a través deste proxecto elaboraranse unhas directrices para a xestión da bacía (permisos de corta, vertidos, pesca fluvial, etc.) nas que haberá que implicar ao contorno social, mediante a participación dos principais actores locais, para acadar a recuperación destas especies e da calidade ambiental da bacía.

* Xesús Santamarina, Paz Ondina, Belén Quinteiro pertencen á Consellería do Medio Rural, á Universidade de Santiago de Compostela e a Augas de Galicia, respectivamente.
+ info: <http://margalulla.xunta>

espacio sub marino

A REVISTA SUB FEITA DESDE GALICIA PARA TODOS OS AMANTES DO MAR
WWW.ESPACIOSUB.COM